

► Actividades da Asociación "Os Galos"


Os encontros de embarcacións tradicionais, ademais de concentrar barcos de diferentes puntos do litoral, conseguen que persoas coas mesmas inquietudes poidamos compartir experiencias e coñecementos. E así foi o ano pasado no encontro galego do Freixo, onde tivemos o pracer de navegar na traíñeira "Pescadoira" cos amigos de Euskal Bateleroak de Lekeitio, cos que enseguida conxeniamos.




Este ano recibimos a visita de Beñat dende Zumaia, o cal obtivo de agasallo unha dorna, e precisaba algunha axuda para aparelalala. Tras percorrer uns 750 kms subida a un carro, a dorna, que ten por nome "Rechoncha", voltou por uns días as súas orixes, para bicar o mar galego e así poder voltar ao Cantábrico cun pouco menos de morriña.

Esta primavera recibimos tamén a visita dun grupo de mozos e mozas do IES "Mestre Landín" de Marín, que acompañados da súa Orientadora, Sandra Ruibal, achegáronse ao pantalán de Bueu para saber un pouquiño máis sobre as embarcacións tradicionais e a nosa Asociación. Para os Galos é sempre un orgullo poder

compartir o que sabemos con todas aquelas persoas que teñan un mínimo de interese. Sobre todo coa esperanza de que algún día sexan os máis novos os que tomen o relevo, e veñan e m p u x a n d o forte, con ese aire fresco que caracteriza a xuventude.



E con ese ánimo de facilitar o achegamento, decidimos organizar un curso de Navegación a Vela Tradicional, co obxectivo principal de defender o noso patrimonio marítimo dun xeito máis activo. Aproveitando o privilexio de ter os recursos que temos, que son as embarcacións e o abrigo das rías, podemos ofrecer a oportunidade de intentar comprender un pouquiño máis o vento e o mar. Ademais é interesante coñecer os barcos que empregaron os nosos avós para vivir da pesca, antes de que os motores deixaran no esquecemento as velas, que tantas veces se inflaron agradecidas, deixando así descansar aos remos.



Por todo isto, a nosa labor como asociación é protexer as embarcacións tradicionais, coidándoas e manténdolas durante todo o ano. Ás veces algunha precisa algo máis que aceite e patente, e este ano tocoulle ao polbeiro "As Lagoas" recibir unha pequena reparación. O bote máis emblemático de Bueu espera impaciente voltar ao mar, para continuar debuxando as espirais caprichosas do seu ronsel.